

## Proxección da Poboación de Galicia 2002-2051 COMUNICADO

---

### **A LONGO PRAZO, GALICIA SÓ PODERÁ MANTER O ACTUAL NÚMERO DE HABITANTES SE SE DAN SALDOS MIGRATORIOS DE GRAN MAGNITUDE**

#### **A proxección de poboación de Galicia: unha base para a planificación**

Segundo o Censo de 2001, a poboación de Galicia ascende a 2.695.880 habitantes, o que supón unha diminución de preto de 36.000 persoas respecto das censadas dez anos atrás. Esta redución, malia ser de escasa magnitude, é significativa xa que se da nun contexto, caracterizado por unha aceleración do crecemento da poboación española, co que Galicia segue a perder peso poboacional con respecto de España.

Tendo en conta as actuais tendencias dos fenómenos demográficos, cómpre preguntarse se será posible invertir a traxectoria descendente da poboación galega, e sobre todo, en que medida se poderá modificar o actual proceso de envellecemento.

Coa nova proxección da poboación de Galicia, que vén de presentar o IGE, téntase dar resposta a estas preguntas e ofrecer un instrumento que permita avaliar as necesidades futuras nos máis diversos ámbitos como educación, sanidade, pensións, vivenda, consumo, .... Neste traballo combínanse dous obxectivos: o primeiro é establecer un marco de referencia sobre a evolución máis previsible a curto e medio prazo da poboación galega, relacionándose polo tanto cunha finalidade ligada á labor planificadora das administracións e dos axentes sociais e económicos. O segundo pretende constatar os efectos a longo prazo das tendencias demográficas, especialmente a baixa fecundidade das últimas décadas, sendo seu obxectivo o de concienciar ós poderes públicos e á sociedade en xeral dos importantes retos que se aveciñan.

Este dobre obxectivo concrétese, por unha banda, na construción dun escenario central que debuxa a evolución máis probable da poboación galega nos próximos anos, e pola outra na formulación de dous escenarios alternativos, un baixo e outro alto, que enmarcan un amplo abanico de contextos demográficos a longo prazo.

O primeiro obxectivo, ou previsión a curto prazo, límitase ó escenario medio e a un horizonte temporal de quince anos (2002-2017), mentres que a proxección dos escenarios abarca un período máis amplo, de cincuenta anos (2002-2051).

### Tres escenarios de futuro

A combinación de diferentes hipóteses sobre a evolución da fecundidade, a mortalidade e as migracións deu lugar á construción de tres escenarios de futuro

- O **escenario baixo** baséase na prolongación dun contexto de moi baixa fecundidade, en torno de 1,08 fillos por muller, e dun incremento moi moderado da esperanza de vida. Nas migracións considérase un lixeiro incremento da emigración, e unha desaceleración dos fluxos de entrada pola redución a medio prazo das chegadas do resto de España e de estranxeiros e a máis longo prazo pola mingua dos continxentes de galegos residentes no estranxeiro.

As consecuencias que se derivan son unha forte redución da poboación galega e un acelerado envellecemento da súa estrutura demográfica. Este escenario, considerado moi pouco probable, permite ver en toda a súa extensión as consecuencias do mantemento dos baixos niveis de fecundidade actuais sen un incremento claro do saldo migratorio.

- O **escenario medio ou de referencia** considera unha evolución máis favorable da mortalidade e un crecemento sostido da fecundidade ata valores de 1,5 fillos por muller. A redución dos retornos de galegos residentes no exterior vese compensada en parte por fluxos de inmigración do resto de España e de estranxeiros e por un descenso sostido da emigración, o que se traduce en saldos migratorios positivos de importante magnitude aínda que decrecentes no tempo.


Esta escenario un lixeiro aumento da poboación galega a curto prazo, aínda que posteriormente a conxunción entre un crecente envellecemento, a chegada a idades fértiles de xeracións pouco numerosas, e a redución do saldo migratorio desemboca nun contexto de perdas de poboación. Este escenario, considerado como **o máis previsible** a curto prazo, mostra a negativa repercusión da actual estrutura por idades sobre o crecemento da poboación..

- O **escenario alto** prevé un maior incremento da esperanza de vida e unha recuperación máis rápida e intensa da fecundidade, ata 1,8 fillos por muller. O saldo migratorio positivo de Galicia aumenta nos primeiros anos e sitúase sempre por riba dos máximos observados no período máis recente, cun aporte neto de máis de 1 millón de persoas entre 2002 e 2051. As tendencias deste escenario aseguran un crecemento dos residentes en Galicia tamén a medio e longo prazo, aínda que sen evitar un envellecemento da poboación.



Resumo de hipóteses e resultados

	ESCENARIO BAIXO	ESCENARIO MEDIO	ESCENARIO ALTO
<b>HIPÓTESES</b>			
<b>Mortalidade. Esperanza de vida</b>	Baixa	Media	Alta
2016			
Homes	77,7	78	78,5
Mulleres	84,5	84,9	85,2
2050			
Homes	79	80	81,5
Mulleres	85	86	87
<b>Fecundidade</b>	Baixa	Media	Alta
Índice sintético de fecundidade			
2016	1,08	1,22	1,41
2050	1,08	1,5	1,8
<b>Migracións. Saldo migratorio neto</b>			
2002-2016	61.022	203.010	348.230
media anual	4.068	13.534	23.215
2002-2050	57.840	484.761	1.048.670
media anual	1.157	9.695	20.973
<b>RESULTADOS</b>			
Pob 1/1/2002		2.696.151	
Pob 1/1/2017	2.580.044	2.758.515	2.958.231
Pob 1/1/2037	2.121.194	2.613.677	3.214.573
Pob 1/1/2051	1.734.073	2.411.740	3.307.441



### **A necesidade de modificar as actuais tendencias demográficas**

Os escenarios amosan un marcado contraste en relación coa evolución da poboación xa nos primeiros quinquenios de proxección. As grandes diferencias entre os escenarios responden fundamentalmente ás hipóteses de migración e, en menor medida, ás de fecundidade. Estes resultados ilustran sobre o impacto que diferentes dinámicas migratorias teñen sobre os resultados no curto prazo.

Se ben a incerteza que planea sobre horizontes máis afastados é moi elevada, os resultados reflicten que en gran medida algunhas das tendencias futuras están fortemente condicionadas pola actual estrutura por idades da poboación galega. Neste sentido, resulta significativo que no escenario medio se reduce a poboación de forma constante a partir de mediados da segunda década deste século, a pesar de incrementarse a fecundidade e un fluxo de inmigración nas próximas cinco décadas de máis dun millón de persoas.

Por outra banda, o crecemento natural será negativo nos tres escenarios en todo o horizonte da proxección, xa que, incluso nos supostos máis favorables de fecundidade e de importantes fluxos de inmigración, a natalidade non poderá compensar o incremento das defuncións debido ó envellecemento da poboación

Destas tendencias a longo prazo extráense dúas conclusións. En primeiro lugar, para manter os actuais efectivos de poboación requírense maiores incrementos de fecundidade e saldos migratorios de maior magnitude que os previstos no escenario de referencia. En segundo lugar, debido ás inercias das estruturas poboacionais, canto máis tarde en recuperarse a fecundidade e incrementarse a inmigración, máis se dilatarán no tempo as súas consecuencias e máis difícil será revertir as tendencias que as provocan.

### **Tendencias máis probables a curto prazo. 2002-2017**

O escenario medio ou de referencia combina as hipóteses máis probables sobre a evolución a curto prazo das distintas compoñentes que afectan ó crecemento e á estrutura por idades da poboación. Os seus resultados mostran que a evolución demográfica de Galicia, nos próximos quince anos, se caracterizará por unha escasa recuperación na cifra dos seus habitantes, por unha importante modificación da súa estrutura por idades, sendo os seus aspectos máis relevantes a forte redución da poboación adulta-nova e a intensificación do proceso de envellecemento, e polo mantemento dos procesos de redistribución territorial. A poboación galega experimentará a curto prazo un lixeiro incremento, de 62 mil persoas, ó pasar dos 2.696.151 habitantes de 2002 ós 2.758.515 de 2017, o que equivale a unha taxa de crecemento anual medio do 1,52 por mil.

Durante todo o período o crecemento natural é negativo, pero é superado en valor absoluto polo saldo migratorio, polo que a evolución da poboación é positiva todos os anos.

En relación co saldo migratorio estímase un aporte total neto dunhas 203.000 persoas, o que representa valores medios anuais lixeiramente inferiores ós observados en 2002. Na emigración dáse un progresivo descenso das saídas a España. Na inmigración mantéñense nos primeiros anos as tendencias máis recentes, pero posteriormente redúcese o seu fluxo.


A evolución da poboación verase acompañada por unha importante modificación da súa pirámide de poboación, como consecuencia do efecto combinado da “inerxia” das estruturas poboacionais e da evolución dos fenómenos demográficos

Incrementábase lixeiramente a poboación infantil, pero sen chegar a modificar a base da pirámide poboacional

En relación coa poboación en idade laboral, se ben se mantén ten tornos de 1.650.000 persoas, modifícase a súa estrutura interna, observándose unha importante caída nos efectivos de adultos-novos, e un aumento da poboación nas idades adultas centrais e maduras.

Nos próximos anos, intensifícase o proceso de envellecemento cun aumento de máis de 90 mil habitantes de 65 e máis anos, incrementando o seu peso relativo do 21,1 por cento de 2002 ó 23,9 por cento de 2017. Os maiores incrementos danse entre os anciáns de máis idade, o que provoca un sobreenvellecemento da propia poboación anciá.

#### Pirámides de poboación de Galicia. 2002 e 2017.



Nota: en azul superávit en 2017 respecto de 2002; en vermello déficit en 2017 respecto de 2002.

Un indicador que sintetiza e combina os cambios na base e na cúspide da pirámide de poboación é o índice de envellecemento, que cuantifica a relación entre efectivos de anciáns, os de 65 e máis anos, e de nenos, os menores de quince anos. A evolución dese indicador reflicte a radical transformación da estrutura por idades de Galicia nos últimos decenios, ó pasar de 57 anciáns por cada 100 nenos en 1981 a 177 anciáns en 2002. Nos próximos quinquenios mantense esa tendencia ata acadar unha relación de 192 maiores por cada 100 nenos; noutras palabras, en 2017 a poboación anciá case duplicará a poboación infantil.

---

**Para máis información:**

**Publicacións relacionadas (opcional)**

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>  
e-mail: [ige@xunta.es](mailto:ige@xunta.es)